

Estimada familia,

Confirmarlles que a viaxe se realizará dende o 27 de xaneiro ao 3 de febreiro de 2024 e que, agás cambio de última hora do que informariámos, nos aloxaremos no hotel Espel, con ceas en Caldea.

Recordámoslles que teñen ata o día 12 de xaneiro de 2024 para facer o ingreso do segundo pago da viaxe a Andorra na que participará o/a seu/súa fillo/a.

PAGAMENTO: Este pago farase directamente na conta corrente da axencia de viaxes SIERRA.

- **Segundo pago de 460€ ata o venres 12 de xaneiro.**
- **Nº conta corrente: BBVA: ES08 0182 0624 3102 0156 7755** (Grupo Sierra Gestión de Turismo, SL)
- **Concepto:** IES RDT + nome e apelidos do alumno/a.

O alumnado entregará unha copia do xustificante bancario de ter feito o ingreso no Departamento de EF.

Ademais é preciso que fagan **chegar ao centro a seguinte documentación** necesaria para realizar a viaxe:

DOCUMENTACIÓN NECESARIA:

1. **DNI ou PASAPORTE** en vigor (fotocopia).
2. **TARXETA SANITARIA ESPAÑOLA** (fotocopia).
3. **PERMISO MENOR ACOMPAÑADO NO EXTRANXEIRO:** ten 1 validez de 1 mes, polo que se deberá facer a partir do 3 de xaneiro de 2024. Nas dependencias da Garda civil ou Policía Nacional.
4. **CONVENIO SS / MUFACE con ANDORRA:** solicitar documento conforme o/a alumno/a vai ir nesas datas a Andorra, e así evitar posibles reclamacións. **Debe cubrir entre o 27 de xaneiro e o 13 de febreiro de 2024.**

Para os DATOS DE SAÚDE facilitarase un cuestionario online.

OBSERVACIÓNS SEGURO de ACCIDENTES (convenio Seguridade Social)

A viaxe inclúe un seguro de accidentes e/ou enfermidade dende que se sae do instituto ata que se regresa. Cubre as 24 h. Ten unha cobertura de 8.000€ de gastos médicos.

¿Quere dicir esto que a partir desa cantidade non estou cuberto? Non, porque Andorra ten un convenio coa Seguridade Social con España.

Sempre que o paciente teña un seguro privado (este é o caso), se os gastos médicos superan o límite da cobertura privada (8.000€), faise cargo a SS.

MATERIAL RECOMENDADO (orientativo)

a. De esquí: luvas de esquí, cazadora impermeable, pantalóns impermeables, gafas de sol de esquí (nunca metálicas), crema solar (factor alto), protector labial (factor alto), calcetíns altos por enriba dos xemelgos (valen os de deporte), varias camisetas térmicas ou similares (que sequen rápido e non absorban humidade), roupa de abrigo (gorro, braga polar, pantys,...), algún forro polar ou similar.

O que pretendemos é formar 3 capas: camiseta térmica, forro polar e cazadora impermeable.

b. Aseo: utensilios básicos de aseo diario (cepillo e pasta de dentes), xabrón, colonia, chanclas, bañador e toalla para Caldea, ...

c. Paseo: levar roupa cómoda para o disfrute de Andorra, sen excederse (chándal, vaqueiros,...). No autobús roupa cómoda tipo chándal. Levar outra cazadora ou plumífero diferente da cazadora de esquí por se a de esquí se molla e hai que deixala secando.

O calzado impermeable como botas de montaña ou similar, é perfecto. Poden levar tamén tenis pero en función da climatoloxía pódense humedecer.

Mantita e almofada pequena ou coxín cervical para o autobús.

ACOMPAÑANTES

O alumnado será acompañado por 4 profesores do IES Rego de Trabe.

Despedímonos, desexándolles un Bo Nadal!

En Culleredo, a 14 de decembro de 2023

Departamento de EF e Vicedirección do IES Rego de Trabe